

OBRADOIRO DE CREACIÓN: APALABRANDO PALABRAS.

MEMORIA FINAL

Obradoiro de creación literaria: Se eu fose un verso...

Alumnado: 26 alumnas e alumnos de 5º de Primaria do CEIP San Xoán de Filgueira, de Ferrol.

Realizouse durante os días 2, 3, 4, 9, 10 e 16 de xuño de 2008.

En horario de 12:15 a 13:50.

Duración total: 8:30 horas (aprox.)

Propúxose a construción dun pequeniño libro de poesía feito por cada un dos asistentes, con textos e ilustracións.

Ofreceuse o soporte: cartolinas de tamaño 15x10, con furados laterais para a posterior encadernación con espiral.

Ao principio presentouse un programa que debido á imposibilidade de levalo adiante no tempo dispoñíbel para o obradoiro, substituíuse de camiño por outro máis acorde coas horas efectivas do mesmo.

Traballouse seguindo unha secuencia que pretendía mergullar dalgún modo ao alumnado no mundo do ritmo, da rima, da poesía... axeitada á súa idade.

Traballamos as seguintes actividades:

1. Propuxemos a escrita dun verso sabendo que aínda que todo pode ser un verso, non todo é un verso. Se eu fose un verso sería...
2. Eu sería...: falamos das metáforas, explicamos algunhas metáforas... intentamos escribir metáforas.
3. Facemos unha aleluia/pareado. Trabállase a rima.
4. Propoñemos encher unha páxina do libriño coas palabras máis bonitas que coñecemos.
5. Traballamos un poema popular. Mudámoslle os versos 3º e 4º de cada estrofa. O poema escolleito é "Eu teño un canciño /miña nai ten dous...". Este traballo realízase colectivamente, aceptándose varias opcións propostas.
6. Ofrecémoslle un *caramelo de palabras*. Segundo o saborean escriben as palabras que o caramelo vai esluíndo na súa boca. A palabra caramelo non está entre elas.
7. Volvemos ao nome de cada un/unha. Cada persoa fai un acróstico co seu nome real: Eu son... E con outro nome que lle gustaría ter no caso de non ser quen é: Pero sería...
8. Xogamos co dicionario. Utilizamos a técnica dos olipo S+N, V+N, A+N. En primeiro lugar, na aula, escíbese un pequeno texto intrascendente. Proponse a mudanza dos sustantivos, e na casa a mudanza dos verbos, nos mesmos textos.
9. Facemos poemas sen sentido: traballamos o ritmo a partir da poesía *Era unha vez na quimbamba*. Inventamos palabras.
10. Facemos unha adiviña. Explícase como se fabrica unha adiviña. Lemos adiviñas para entrar en tema. Propónselle a cada un/unha, a elaboración dunha adiviña sobre unha palabra dada. Revísanse todas e ofrécense melloras aos textos escritos.
11. Concluimos o traballo volvendo ao principio, dándolle a volta. Ofrécense unha restrita de metáforas para que as modifiquen, mesturen ou se inspiren nelas para elaborar a metáfora final. Eu sería..., ...se fose un verso.

METODOLOXÍA DE TRABALLO:

O traballo levouse a cabo a partir de:

Exemplificacións

Diálogos personalizados

Propostas de corrección de textos.

Valoración dos textos escritos.

Agasallo de palabras.

En Ferrol, a 17 de xuño do 2008.

Antón Cortizas.